

Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría - ETSE

Nelly Condori Fernández, secretaria académica da Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñaría, na sesión ordinaria celebrada o 5 de xuño de 2025, aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Modificacións horarias curso 2025/26:

Aprobáronse axustes horarios en materias dos graos en Enxeñaría Informática (GrEI) e Intelixencia Artificial (GrIA), en coordinación co profesorado e representantes do estudantado.

2. Regulamentos de TFM:

Apróbanse as propostas de regulamento de TFM dos mestrados en Internet das Cousas (MIIoT) e Computación de Altas Prestacións (MCAP), adaptados á normativa vixente.

3. Exames de segunda oportunidade:

Establécese que os exames deberán comezar a partir das 9:30 h e finalizar, como máximo, ás 20:30 h, en cumprimento do horario de verán da ETSE.

4. Programación docente 2025/26:

Apróbanse as programacións docentes dos graos (GrEI, GrIA e GrEQ), con carácter condicionado no caso de que se deban introducir correccións sinaladas polas comisións ou os representantes do estudantado.

E para que así conste, asino o presente documento en Santiago de Compostela.

Asdo.

Nelly Condori Fernández

Secretaria académica da ETSE

Anexos:

- Version actualizada dos horarios de GREI e GRIA para o curso 2025/26.
- Regulamento do TFM do Mestrado en Internet das Cousas (MIoT).
- Regulamento do TFM do Mestrado en Computación de Altas Prestacións (MCAP).

Aula IA-1.1		1º CURSO														
		Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30	Algebra (1h)			IntComp (1h)			Algebra (1h)			IntComp-1	Prog-2 (IA-12)		Algebra (1h)			
09:30-10:00																
10:00-10:30	Prog I (1h)			MatDis (1h)			MatDis (1h)						MatDis (1h)			
10:30-11:00																
11:00-11:30	Cálculo(1h)			Cálculo(1h)			Prog I (1h)			IntComp (1h)			Cálculo (1h)			
11:30-12:00																
12:00-12:30	Prog-1 (IA-12)	Calc-2 (IA-13)	IntComp-3		MatDis-1 (IA-12)	IntComp-2	Algebra-3 (IA-13)	Algebra-1	MatDis-2 (IA-13)	Prog-3 (IA-12)	Actividades ETSE 12:30-14:30					
12:30-13:00																
13:00-13:30																
13:30-14:00																
14:00-14:30																

Aula IA-1.1		2º CURSO													
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30															
09:30-10:00															
10:00-10:30															
10:30-11:00															
11:00-11:30															
11:30-12:00													Redes(1h)***		
12:00-12:30															
12:30-13:00													BD (1h)***		
13:00-13:30															
13:30-14:00															
14:00-14:30															
14:30-15:00															
15:00-15:30				Optim.Matem. (1,5h)			Enx.Software (1h)			Enx.Software (1h)			Redes(1h)		
15:30-16:00															
16:00-16:30	Algorit.(1h)			Optim.Matem. (1,5h)			BD (1h)								
16:30-17:00															
17:00-17:30															
17:30-18:00	Redes-3 (IA-13) ENSO-1 BD-2 (IA-14)			Algorit-1 (IA-13) ENSO-2 OptMat-3 (IA-14)			OptMat-1 (IA-13) ENSO-3 Algorit-2 (IA-14)			BD-1 (IA-13) Redes-2 Algorit-3 (IA-14)					
18:00-18:30															
18:30-19:00															
19:00-19:30															
19:30-20:00															
20:00-20:30															

*** IA-01

Aula IA-0.1		3º CURSO														
		Lunes			Martes				Miércoles			Jueves		Viernes		
09:00-09:30	NeuFis (1,5h)			EnxDatEsc (1,5h)				Meta (1,5h)			AprAutSup (1,5h)					
09:30-10:00																
10:00-10:30																
10:30-11:00	AprAutSup (1,5h)			PlatoT(1,5h)				TecProDat (1,5h)			Meta (1,5h)					
11:00-11:30																
11:30-12:00																
12:00-12:30	AprAutSup-1 (IA-02)	EnxDatEsc-2				EnxDatEsc-1	AprAutSup-2 (IA-02)				TecProDat-1	PlatoT-2 (IA-02)			Actividades ETSE	
12:30-13:00																
13:00-13:30																
13:30-14:00																
14:00-14:30																
14:30-15:00																
15:00-15:30				A4							A4					
15:30-16:00	Meta-2 (IA-13) PlatoT-1 (IA-14)							Meta-1 (IA-04) NeuFis-2 (IA-S1)								
16:00-16:30																
16:30-17:00																
17:00-17:30																
17:30-18:00																
18:00-18:30																
18:30-19:00				ProyInt (1h)							ProyInt (1h)					
19:00-19:30				ProyInt-1							ProyInt-2					
19:30-20:00																
20:00-20:30																

Aula IA-0.1		4º CURSO												
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes	
09:00-09:30							TecLin-1 (IA-14)	ATIA-2 (IA-13) 5 horas	DXIA-2 (IA-13) 10 horas					
09:30-10:00														
10:00-10:30														
10:30-11:00														
11:00-11:30														
11:30-12:00														
12:00-12:30														
12:30-13:00														
13:00-13:30														
13:30-14:00														
14:00-14:30														
14:30-15:00														
15:00-15:30														
15:30-16:00	VisComp-1 (IA-03)		ProyInt II-2	TecLin (1h)			VisComp (2 h)			AprRef (1,5h)				
16:00-16:30														
16:30-17:00														
17:00-17:30														
17:30-18:00			ProyInt II (1,5h) 10 horas											
18:00-18:30														
18:30-19:00														
19:00-19:30			ProyInt II-1											
19:30-20:00														
20:00-20:30														

Aula IA-1.1				1º CURSO															
	Lunes				Martes			Miércoles			Jueves			Viernes					
09:00-09:30	AdqSin (1h)				AdqSin (1h)			XestOrg (2h)			XestOrg (1h)			AdqSin-2 (lab5-lab3)					
09:30-10:00																			
10:00-10:30	Estat. (1h)				Estat. (1h)						Lóx-3					Estat-2 (IA-13)	XestOrg-1 (IA-12)	XestOrg-3 (IA-12)	Estat-1
10:30-11:00																			
11:00-11:30	Lóx (1h)				Lóx (1h)			Prog II (1h)			Actividades ETSE 12:30-14:30			Estat. (1h)					
11:30-12:00																			
12:00-12:30	Lóx-1 (IA-12)	Estat-3 (IA-13)	ProgII-2	Lóx-2 (IA-12)	AdqSin-3 (lab5-lab3)	ProgII-1 (IA-13)	XestOrg-2 (IA-12)	AdqSin-1 (lab5-lab3)	ProgII-3 (IA-13)				Prog II (1h)						
12:30-13:00																			
13:00-13:30																			
13:30-14:00																			
14:00-14:30																			
14:30-15:00																			

Aula IA-1.1				2º CURSO											
Lunes				Martes			Miércoles			Jueves			Viernes		
09:00-09:30													Automat.Ling.Form. (1h) (IA-S1) Fund.Apren.Auto.(1h) (IA-S1) Repres.Coñec.Razoam.(1h) (IA-S1)		
09:30-10:00															
10:00-10:30															
10:30-11:00															
11:00-11:30															
11:30-12:00															
12:00-12:30															
12:30-13:00															
13:00-13:30															
13:30-14:00															
14:00-14:30															
14:30-15:00															
15:00-15:30															
15:30-16:00	Comp.Conc.Paral.Dist. (1h)			Fund.Apren.Auto.(1h)			Comp.Conc.Paral.Dist. (1h)			Repres.Coñec.Razoam.(1h)			CCPD-3	FundAprAuto-1 (IA-13)	Algo.Bas.IA-2 (IA-14)
16:00-16:30															
16:30-17:00	Algo.Bas.IA (1h)			Automat.Ling.Form. (1h)			Automat.Ling.Form. (1h)			Algo.Bas.IA (1h)					
17:00-17:30															
17:30-18:00	CCPD-2	AutoLF-1 (IA-13)	Algo.Bas.IA-3 (IA-S2)	RepCoñRaz-1	AutoLF-2 (IA-13)	FundAprAuto-3 (IA-S2)	CCPD-1	FundAprAuto-2 (IA-13)	RepCoñRaz-3 (IA-S1)	Algo.Bas.IA-1	RepCoñRaz-2 (IA-12)	AutoLF-3 (IA-13)			
18:00-18:30															
18:30-19:00															
19:00-19:30															
19:30-20:00															
20:00-20:30															

Aula IA-0.1				3º CURSO												
	Lunes			Martes			Miércoles			Jueves			Viernes			
09:00-09:30	RedNeuAprPro (1h)			RazInc (1h)			RazInc (1h)			RazInc (1h)			RedNeuAP-1	RazInc-2 (IA-02)		
09:30-10:00																
10:00-10:30	AprAutNS (1h)			AprAutNS (1h)			RedNeuAP (1h)			RedNeuAP (1h)						
10:30-11:00																
11:00-11:30	Psi (1h)			Psi (1h)			NeuCogAfe (1h)			NeuCogAfe (1h)			Psi-2	AprAutNS-1 (IA-02)		
11:30-12:00																
12:00-12:30	RazInc 1	NeuCogAfe-2 (IA-02)			Psi-1 (IA-02)	RedNeuAP-2	AprAutNS-2	NeuCogAfe-1 (IA-02)	Actividades ETSE							
12:30-13:00																
13:00-13:30																
13:30-14:00																
14:00-14:30																
14:30-15:00																
15:00-15:30				A4						A4						
15:30-16:00	RazInc-2 (IA-S2)	RedNeuAP-1 (IA-13)			RedNeuAP-2 (IA-S2)											
16:00-16:30																
16:30-17:00																
17:00-17:30																
17:30-18:00				ProyInt (1h)												
18:00-18:30																
18:30-19:00				ProyInt-1								ProyInt-2				
19:00-19:30																
19:30-20:00																
20:00-20:30																

Aula IA-0.1		4º CURSO									
	Lunes		Martes		Miércoles		Jueves		Viernes		
09:00-09:30											
09:30-10:00											
10:00-10:30											
10:30-11:00											
11:00-11:30											
11:30-12:00											
12:00-12:30											
12:30-13:00											
13:00-13:30											
13:30-14:00											
14:00-14:30											
14:30-15:00											
15:00-15:30											
15:30-16:00	WebSem-GraCon		Aval-ProxEmp-2		IASaude		WebSem-GraCon-1 (IA-03)				
16:00-16:30											
16:30-17:00											
17:00-17:30											
17:30-18:00											
18:00-18:30	Aval-ProxEmp-1		Aval-ProxEmp		Vis-CompII		Intro-MLCuan-1 (IA-03)				
18:30-19:00											
19:00-19:30											
19:30-20:00	IASaude-1		Vis-CompII-1								
20:00-20:30											
20:00-20:30											

MESTRADO UNIVERSITARIO EN INTERNET DAS COUSAS - IoT

NORMATIVA PARA O TRABALLO DE FIN DE MESTRADO

(Aprobada na Comisión Académica Interuniversitaria do 19 de maio de 2025)

ANTECEDENTES

O Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias e o procedemento para garantir a súa calidade, establece no seu Artigo 17, punto 4, que “Todos os plans de estudos de máster universitario incluírán un Traballo de Fin de Mestrado (TFM), que poderá ter un mínimo de 6 créditos ECTS e un máximo de 30, cuxa finalidade é verificar o nivel de dominio dos coñecementos, habilidades e competencias acadados polo ou pola estudante, e cuxa superación é requisito indispensable para obter o título oficial. Os TFM deberán defenderse en acto público, seguindo a normativa que para o efecto estableza o centro ou, se é o caso, a universidade”.

A Universidade da Coruña recolle no súa *Normativa Reguladora de Matriculación e Defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG) e do Traballo de Fin de Mestrado Universitario (TFM)*, aprobada en Consello de Goberno e publicada na Sede Electrónica o 8 de xaneiro de 2025, as disposicións propias polas que se guían os Traballos de Fin de Máster na Universidade. De xeito análogo, a Universidade de Vigo recolle no *Regulamento para a Realización do Traballo de Fin de Máster*, aprobado en Consello de Goberno de 15 de xuño de 2016, posteriormente modificado no Consello de Goberno de 13 de novembro de 2018 e de 31 de outubro de 2022, as normas específicas que regulan os procedementos relativos ao TFM na Universidade de Vigo. E a Universidade de Santiago de Compostela recolle o propio no *Regulamento de Matriculación, Elaboración e Defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela*, aprobado polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, modificado polo acordo do Consello de Goberno de 24 de xullo de 2024.

Dentro deste marco regulador, o presente documento pretende establecer o procedemento para a realización do TFM na titulación interuniversitaria de Mestrado Universitario en Internet das Cousas - IoT.

ARTIGO 1. Da definición do TFM

1. O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) forma parte, como módulo, do plan de estudos do título de Mestrado Universitario en Internet das Cousas - IoT.
2. O TFM é un traballo orixinal e persoal que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle amosar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título.
 - a) Que o TFM sexa un traballo persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, podan participar varios/as estudantes, cada un cunha parcela precisa da tarefa global; este feito será autorizado pola CAI. Neste caso, os/as estudantes implicados/as nun mesmo traballo compartirán a persoa titora e terán o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, a defensa e a avaliación serán individuais.
 - b) O termo orixinal refírese a que en ningún caso pode ser un traballo plaxiado en todo ou en parte, nin presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos como actividade doutras materias da titulación.
3. O TFM poderase elaborar en entidades colaboradoras (institucións ou empresas externas) coas Universidades,

nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Neste caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa e a figura dunha persoa titora académica que compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante e terá, en calquera caso, a responsabilidade de facilitar a xestión académica. Neste último caso requírese que, polo menos, o 80% das horas se realicen na entidade colaboradora.

4. Con respecto á autoría do traballo, á protección da propiedade intelectual e á titularidade dos dereitos derivados seguirase a normativa vixente ao respecto da universidade no que está matriculado o estudante.

ARTIGO 2. Da titorización do TFM

1. Os TFM realízanse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que actuará como titor/a do traballo. É misión da persoa titora supervisar e orientar ao estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación ou calquera outro aspecto académico, así como facilitar a xestión, actuando como dinamizador e facilitador de todo o proceso ata a presentación e defensa do TFM. O TFM poderá ser supervisado por unha segunda persoa, que actuaría en calidade de cotitora.
2. Deberá actuar como persoa titora calquera docente da titulación do Mestrado Interuniversitario en IoT das Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.
3. A CAI tamén poderá autorizar unha persoa cotitora que non cumpra os requisitos recollidos no punto anterior.
4. A coordinación do módulo de TFM será responsable da substitución da persoa titora, temporal ou permanente, cando se den casos de baixa prolongada ou se produza a finalización da vinculación con algunha das Universidades responsables do título.
5. A CAI garantirá que todos/as os/as estudantes matriculados/as disporán dun tema para realizar o TFM, coa persoa titora correspondente.

ARTIGO 3. Do calendario para a asignación e defensa do TFM

1. A CAI aprobará anualmente, ao inicio de cada curso, o calendario que determinará todas as accións necesarias para a asignación e defensa do TFM no curso.
2. Para a defensa e avaliación do TFM, o/a estudante disporá dúas oportunidades por curso académico, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC, UVigo e USC.

ARTIGO 4. Da asignación da persoa titora e da temática do TFM

1. Na data indicada no calendario, a coordinación do TFM solicitará entre os docentes da titulación de Mestrado Interuniversitario en IoT propostas de TFM xunto cunha descrición das tarefas a realizar e o idioma no que se desenvolverá, segundo o modelo que será aprobado pola CAI. A oferta de traballos publicarase nunha plataforma de teledocencia á que terá acceso todo o alumnado e profesorado do mestrado.
2. Os estudantes poderán consultar aos docentes sobre o contido e condicións dos TFM ofertados durante o período indicado no calendario, e acordar a realización do TFM. Transcorrido este período, os docentes indicarán á coordinación do módulo de TFM a súa proposta de estudantes para cada un dos traballos que ofrecen.
3. Os estudantes matriculados no TFM poderán propoñer un tema propio para o seu traballo. De ser aceptado por algún docente, entre ambos prepararán a información (título, titor, descrición de tarefas e idioma), que enviarán á coordinación do módulo de TFM, empregando o modelo aprobado pola CAI.
4. As institucións ou empresas externas ás Universidades poderán propoñer temas para a realización do TFM. Poderán acordar a realización do TFM cun estudante ou solicitar que se inclúan na oferta de traballos publicada pola coordinación do módulo de TFM. A institución ou empresa deberá nomear unha persoa cotitora e acordar cun docente a codirección do TFM ou solicitar á CAI a asignación dun.
5. As propostas de TFM deberán ter natureza profesional, corresponderse coas competencias adquiridas nas ensinanzas, ter a entidade suficiente para cubrir os créditos ECTS asignados e diferenciarse suficientemente doutros traballos desenvolvidos na titulación, moi especialmente dos realizados na materia “Prácticas en Empresa”.
6. Os titores notificarán á persoa Coordinadora de TFM, antes da data consignada no calendario, a proposta de asignación de TFM ao alumnado.

7. A CAI asignará, antes da data consignada no calendario, os traballos propostos aos estudantes, tanto aos incluídos na listaxe como ás propostas propias.
8. Aqueles estudantes sen proposta previa serán asignados pola CAI aos traballos da listaxe non asignados polo procedemento consensuado, previa consulta á coordinación do módulo de TFM.
9. A listaxe de adxudicación definitiva da persoa titora a cada estudante expoñerase na plataforma de teledocencia á que teñen acceso todo o alumnado e profesorado do mestrado. Poderase reclamar esta listaxe de adxudicación no prazo de sete días naturais perante a CAI.
10. A CAI elevará a definitiva a listaxe provisional, unha vez analizadas as reclamacións, antes do inicio do cuarto bimestre.
11. A adxudicación dun tema para o TFM e unha persoa titora académica terá validez por dous cursos académicos.
12. No caso de que un profesor propoñente dun traballo considere que este supón o desenvolvemento dunha idea investigadora propia e, polo tanto, deba conservar a propiedade intelectual das súas achegas ao mesmo, o/a estudante deberá asinar un acordo de cesión dos dereitos de propiedade intelectual á persoa titora previo á asignación de TFM, segundo o modelo que será aprobado pola CAI.
13. Un estudante poderá solicitar cambio na titorización ou tema do seu TFM, ou a persoa titora poderá solicitar cambio do estudante asignado e de temas ofertados, mediante escrito xustificativo dirixido á coordinación do módulo de TFM. A CAI estudará estas solicitudes e, se proceden, aceptará os cambios.

ARTIGO 5. Da presentación e defensa do TFM

1. Cada TFM será presentado e defendido polo seu autor/a ante un Tribunal de Avaliación que o avaliará e cualificará.
2. Cada curso académico nomearase un tribunal que actuará en todas as convocatorias de avaliación do curso académico para o que foi designado. Tamén se nomeará un segundo tribunal de reforzo. O tribunal titular actuará en todas as convocatorias do curso académico, mentres que o tribunal de reforzo só actuará naquelas convocatorias onde a carga de traballos a avaliar sexa demasiado elevada (máis de seis TFM).
3. Cada Tribunal de Avaliación estará formado por tres docentes da titulación, que actuarán como Presidente/a, Secretario/a, e Vogal. Ademais, haberá tres suplentes, ordenados de un a tres, que suplirán aos titulares en caso xustificado de ausencia.
4. A coordinación do TFM determinará o tribunal mediante un sorteo público no que poderán ser elixidos todos os membros do profesorado do mestrado, sen incluír aos titores, garantindo que haxa un membro por cada Universidade.
5. A CAI aprobará, como parte do calendario do TFM, as datas das sesións de presentación e defensa dos traballos.
6. Nos prazos previstos no calendario, o/a estudante que conte con todos os créditos necesarios para obter o título oficial de Mestrado, agás os do propio TFM, poderá solicitar a defensa do TFM de acordo coa normativa e procedemento da universidade na que está matriculado.
7. A persoa titora deberá emitir un informe confidencial sobre o rendemento do estudante, a súa iniciativa, a súa autonomía e a súa capacidade de resolución de problemas durante a realización do TFM segundo o formato que será aprobado pola CAI.
8. A falta da documentación requirida suporá a non presentación á convocatoria.
9. A memoria do TFM porase a disposición do público a través da súa publicación en repositorios.
10. A defensa do TFM será oral e pública. A CAI, con carácter excepcional e tras petición formal e motivada do estudante e as persoas titoras, poderá autorizar a defensa a distancia de forma virtual, sempre e cando concorran as circunstancias técnicas, administrativas e económicas que garantan a súa viabilidade.
11. A coordinación do TFM deberá establecer e anunciar publicamente a estrutura e duración mínima e máxima da exposición, así como a data, hora e lugar onde se realizará.

ARTIGO 6. Da avaliación e cualificación do TFM

1. Cada TFM presentado e defendido será avaliado polo Tribunal de Avaliación asignado, empregando para a avaliación a rúbrica que será aprobada pola CAI. A cualificación deste Tribunal de Avaliación representará o 100% da cualificación final.
2. A persoa titora ou cotitora dun TFM non poderá formar parte do Tribunal de Avaliación, pero poderá estar presente no acto de defensa e nas deliberacións, con dereito a voz pero sen voto.

3. O Tribunal de Avaliación do TFM constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa.
4. O Tribunal de Avaliación do TFM deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos a avaliación tendo en conta a documentación presentada polos estudantes, o informe da persoa titora e a exposición pública do traballo.
5. A cualificación terá en conta a calidade científica e técnica do TFM presentado, a calidade do material entregado e o nivel de adquisición de contidos e competencias específicas da titulación e de competencias transversais.
6. No caso de outorgar unha cualificación final de suspenso, o Tribunal de Avaliación entregará un informe coas recomendacións oportunas ao estudante e á persoa titora para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación.
7. O Tribunal poderá propoñer por acordo unánime, motivándoa por escrito, a cualificación de Matrícula de Honra aos traballos que destaquen claramente entre os presentados, sempre que a cualificación do traballo sexa maior ou igual a 9.
8. A coordinación do TFM informará sobre a cualificación outorgada aos traballos na plataforma de teledocencia.
9. No caso de non estar conforme coa cualificación recibida o estudante ten dereito a revisión da súa cualificación antes de que sexa definitiva, segundo a normativa da universidade na que estea matriculado o estudante.

ARTIGO 7. Da confidencialidade do TFM

1. No caso excepcional de que o desenvolvemento ou os resultados do TFM estean afectados por algunha cláusula de confidencialidade, poderase solicitar de maneira xustificada á CAI a presentación baixo a modalidade de confidencialidade. No caso de que a confidencialidade sexa requirida por unha empresa coa que se elabore o TFM, a solicitude de confidencialidade deberá constar na proposta do TFM. Nese caso, tanto o/a estudante como a persoa titora deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade.
2. A CAI analizará todas as solicitudes recibidas e requirirá documentación adicional, se fose preciso, antes de aprobar a modalidade de lectura baixo o suposto de confidencialidade.
3. O estudante creará dúas versións da memoria: (i) unha reducida, da que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difusión ou polo deber de secreto e confidencialidade; e (ii) unha completa, que quedará arquivada baixo o compromiso de confidencialidade.
4. A memoria reducida será publicada de forma inmediata no repositorio público xunto coas memorias dos outros TFM.
5. A memoria completa será entregada ao Tribunal de Avaliación para a súa avaliación. O Tribunal deberá asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos dos que non se pode facer unha difusión pública, segundo un documento que será aprobado pola CAI. Esta versión completa non será obxecto de publicación no repositorio público ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

O presente regulamento entrará en vigor cando sexa aprobado polos órganos preceptivos de cada universidade.

Regulamento de Traballos Fin de Máster no Máster interuniversitario en Computación de Altas Prestacións

(Aprobado pola Comisión Académica Interuniversitaria o 21 de maio de 2025)

O Traballo de Fin de Máster (TFM) é unha das materias do segundo semestre do Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións. Ten carácter obrigatorio e consiste na realización dun traballo individual ou en grupo tutelado relacionado cos contidos do máster e supón unha carga de traballo de 15 créditos ECTS.

A realización e defensa do TFM rexerase pola normativa sobre estudos de máster que exista en cada unha das universidades participantes no Máster, a Universidade da Coruña (UDC) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC), e polo presente regulamento, aprobado pola Comisión Técnica do Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións na súa reunión ordinaria do 21 de maio de 2025.

1. Requisitos para a presentación do TFM

O TFM non se poderá presentar ata que se superen todas as demais materias do Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións.

2. Presentación e aprobación do anteproxecto

O estudantado deberá realizar unha proposta de traballo, formalizada como anteproxecto, presentada antes da data límite que se publicará ao comezo de cada curso académico na páxina web do máster, mediante unha solicitude seguindo un modelo estandarizado dirixida ao coordinador/a de titulación da súa universidade.

Ademais, a coordinación do máster, en colaboración co profesorado e entidades colaboradoras, proporcionará unha bolsa de propostas de TFM que poderá ser escollida polos estudantes. A asignación farase polo coordinador, tendo en conta as preferencias do estudantado e, en caso de conflito, a cualificación de acceso ao máster. A comisión do máster establecerá un calendario cada ano para garantir que a oferta se publique con suficiente antelación para que o estudantado teña o tempo necesario para completar e defender o seu traballo de fin de máster dentro do período previsto.

A proposta de traballo debe ter un ou dous titores, un dos cales debe ter un doutoramento. Se ningún dos titores é profesor da universidade onde o estudante está matriculado no máster, o coordinador/a do título desa universidade será nomeado/a automaticamente titor/a, para efectos puramente administrativos. Neste caso, o TFM podería ter ata tres titores.

O anteproxecto citará o alcance, os obxectivos e os métodos que se empregarán na súa implementación. Para este fin, o anteproxecto debe incluír os seguintes puntos:

- Nomes do estudante, titor(es) e información de contacto (incluíndo polo menos número de teléfono e enderezo de correo electrónico)
- Título do traballo
- Obxectivos do traballo
- Breve resumo do traballo (contexto, fases do traballo, medios necesarios, etc.)
- Metodoloxía e materiais necesarios.

O anteproxecto debe estar asinado física ou electronicamente polo estudante e o/os titor/es.

Os anteproxectos serán revisados pola Comisión Académica do Máster. O estudiantado será notificado da aceptación ou rexeitamento dos anteproxectos por correo electrónico ou métodos similares (por exemplo, Microsoft Teams corporativo). As propostas rexeitadas, unha vez modificadas polo seu autor, se poderán presentar de novo. O anteproxecto terá unha validez de dous cursos académicos, dentro dos cales deberá procederse á defensa do traballo.

Todo o estudiantado matriculado no Traballo de Fin de Máster ten dereito a defender o seu traballo durante o curso académico no que estea matriculado nesa materia. O número de convocatorias dispoñibles dependerá da normativa da universidade de matrícula do estudante. Os prazos para a presentación e defensa dos TFMs serán determinados cada ano pola Comisión Académica, de acordo coa normativa e os calendarios da UDC e da USC. Estes prazos publicaranse na páxina web do máster.

Existe a posibilidade de realizar un traballo fin de máster coordinado ou en grupo, sempre que exista unha clara delimitación das tarefas dos estudantes participantes e se poidan establecer as súas contribucións individuais ao resultado global. A cualificación será sempre individual para cada estudante. Se a contribución de cada estudante non resulta directamente evidente a través da memoria do traballo, o titor será o responsable de destacala no seu informe final sobre o traballo de cada estudante. Do mesmo xeito, no acto de defensa, o estudante debe destacar a súa contribución individual ao traballo global.

3. Prevención de riscos: tratamento de datos sensibles

Este artigo aplícase a todos os Traballos Fin de Master que impliquen a recollida, o tratamento, o almacenamento ou a análise de datos persoais.

Nestes casos, débese garantir o cumprimento dos principios de minimización de datos, limitación da finalidade, exactitude, integridade e confidencialidade. No caso de recollida directa de datos persoais, o estudante debe obter o consentimento explícito dos interesados mediante un formulario aprobado pola universidade. Ese consentimento debe ser libre, específico, informado e inequívoco.

Sempre que sexa posible, os datos deben ser anonimizados ou seudonimizados para reducir os riscos asociados ao tratamento.

O/A estudante e o/a seu/súa titor/a serán responsables do cumprimento da normativa vixente de protección de datos (RXPd e LOPDGDD). A memoria de TGM debe incluír un apartado específico sobre o tratamento de datos persoais, no que se detallen as medidas adoptadas para garantir a súa protección.

En xeral, prohibese expresamente o uso de datos persoais sen a debida autorización ou fóra do marco do TFM aprobado.

4. Solicitude e tramitación da defensa

Tras rexlizar o TFM e elaborar a memoria técnico-científica correspondente, o/a estudante poderá solicitar a súa avaliación. O estudante debe enviar dita memoria por correo electrónico ao coordinador do máster. Ademais, se a universidade dispón dunha secretaría virtual coa opción de depósito de memorias de TFM, o estudante deberá entregalos nesa secretaría e enviar tamén o xustificante por correo electrónico ao coordinador/a. O coordinador poderá solicitar un informe aos titores, que será tido en conta polo tribunal. Os prazos para o depósito dos traballos publicaranse ao comezo de cada curso académico na páxina web do máster.

5. Composición e funcionamento dos tribunais

Os tribunais de avaliación dos TFM estarán compostos por tres membros (presidente, secretario e vogal), todos eles doutores. A composición do tribunal axustarase á normativa de cada universidade. Para cada tribunal, nomearanse tres membros titulares e un membro suplente para os casos en que os membros titulares non poidan exercer o cargo.

A aprobación dos tribunais é competencia da Comisión Académica de cada universidade.

As datas para a defensa dos traballos publicaranse na páxina web do máster e poderán variar dependendo da universidade para cumprir coa súa normativa específica.

A defensa, que será pública, durará un máximo de 20 minutos. Unha vez rematada a presentación, os membros do tribunal poderán formular as preguntas que consideren oportunas, durante un máximo de 30 minutos.

O estudantado matriculado na modalidade presencial deberá defender a súa tese en modalidade presencial. Excepcionalmente, e por razóns debidamente xustificadas, o estudantado poderá solicitar defender o seu Traballo de Fin de Máster nunha modalidade diferente ao previsto para o seu tipo de matrícula. Para este fin, deberá presentarse unha solicitude debidamente xustificada ao decano ou director do centro, quen resolverá sobre o asunto unha vez comprobado que concorren as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutro tipo que xustifican a modalidade de defensa. O alumnado matriculado na modalidade virtual fará a defensa de xeito virtual.

O tribunal pode, no momento da defensa, comparar o anteproxecto aceptado co traballo presentado.

6. Cualificación dos traballos

O tribunal xulgará tanto o traballo realizado como o acto de defensa, e outorgará unha cualificación en función disto. As cualificacións que se poden outorgar son as mesmas que as empregadas para o resto das materias. Emitirase un informe para cada estudante, seguindo un modelo estandarizado, que deberá ser asinado por todos os membros do tribunal, no que constará a cualificación outorgada. Posteriormente, utilizaranse os procedementos estipulados para a xeración e a sinatura da acta desta materia na universidade onde o estudante estea matriculado.

7. Modificación do anteproxecto

O autor dun traballo pode solicitar o cambio no seu título mediante escrito motivado dirixida ao coordinador/a do máster da súa universidade, co visto e prace do/s titor/es do traballo.

8. Autoría

A propiedade intelectual dun TFM corresponde ao estudante, sen prexuízo da posibilidade dun acordo específico que amplíe esta propiedade de forma compartida con calquera das persoas que o dirixen.

9. Posibilidade de confidencialidade

A confidencialidade dun TFM pode ser solicitada por escrito por algún dos directores, polo estudante ou por todos eles, dirixindo a solicitude ao decanato/dirección do centro onde o estudante estea matriculado. Esta solicitude

debe facerse polo menos 7 días hábiles antes do depósito, tendo o decanato/dirección un prazo de 10 días hábiles para resolver a solicitude.

Se se acepta a solicitude de confidencialidade, se garantizará o acceso completo do tribunal a todo o traballo, garantindo a protección da información sensible. A defensa manterá o seu carácter público, coa posibilidade de reservar parte do contido cando sexa estritamente necesario. No caso da modalidade virtual, a defensa non se gravará.

10. Publicación nun repositorio institucional

Unha vez finalizada a defensa, os TFM's poderán ser publicados no Repositorio Institucional da universidade na que o estudante estea matriculado, sempre que non sexa confidencial. Para iso, o autor debe completar un formulario onde elixirá como quere difundir a súa obra, envialo por correo electrónico ao coordinador, quen se encargará de xestionar a súa publicación no repositorio.

11. Disposición adicional

A Comisión Técnica está facultada para resolver calquera cuestión imprevista que xurda da aplicación deste regulamento.